



Estimadas familias,

O Departamento de Orientación quere informaros das axudas que ofrece a **FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA** para as familias que así o precisen.

Dentro desta iniciativa están os Programas específicos para a Infancia, onde se concretan axudas para:

- Pago de gafas, audífonos e sistemas de monitorización de glicosa
- Entrega de material escolar e libros de texto

Existen tamén outro tipo de axudas destinadas a alimentación, vestimenta, calzado, produtos de hixiene e/ou axuda na busca de emprego entre outras.

Podedes atopar máis información na web fundacionamigosdegalicia.org e/ou chamando ao Centro no horario de atención da Orientadora (Luns, Xoves e Venres).

En Prado, a 22 de Outubro de 2020

A Orientadora



María Rodríguez García